Primeiro: Aprobado definitivamente o Estudo de Detalle para reordenación de volumes en parcela con referencia catastral 9666118NH1196N sita na Rúa Santa Lucía, nº 14, redactado polos arquitectos D. Carlos Berride Abalo e D. Juan Antonio Villanueva Ruíz.

Segundo: Publicar no prazo dun mes no DOG o acordo de aprobación definitiva, de conformidade co disposto no artigo 82.2 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

Terceiro: Publicar no BOP de Pontevedra o documento que conteña a normativa e ordenanzas, de conformidade co disposto no artigo 82.3 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

Cuarto: Remitir o expediente en soporte dixital, á Consellería competente en materia de urbanismo, para a súa inscrición no rexistro de planeamento urbanístico de Galicia, de conformidade co sinalado no artigo 88 da Lei do Solo de Galicia.

Vilagarcía de Arousa, na data de sinatura dixital

O Alcalde-Presidente

Alberto Varela Paz.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSdeG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, BNG e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación definitiva do Estudo de Detalle para reordenación de volumes en parcela con referencia catastral 9666118NH1196N sita na Rúa Santa Lucía, nº 14, promovido por ESPSIL SL.

Incorporase á sesión Dona Luz María Abalo Perez que pasa a presidir a mesma.

- Na sesión plenaria auséntase da sesión Dona Luz María Abalo Perez.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con dezanove votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (8), PP (9) e BNG (2) e unha abstención do concelleiro pertencente ao grupo político municipal de EU (1)

ACÓRDASE Por maioría:

Primeiro: Aprobar definitivamente o Estudo de Detalle para reordenación de volumes en parcela con referencia catastral 9666118NH1196N sita na Rúa Santa Lucía, nº 14, redactado polos arquitectos D. Carlos Berride Abalo e D. Juan Antonio Villanueva Ruíz.

Segundo: Publicar no prazo dun mes no DOG o acordo de aprobación definitiva, de conformidade co disposto no artigo 82.2 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

Terceiro: Publicar no BOP de Pontevedra o documento que conteña a normativa e ordenanzas, de conformidade co disposto no artigo 82.3 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

Cuarto: Remitir o expediente en soporte dixital, á Consellería competente en materia de urbanismo, para a súa inscrición no rexistro de planeamento urbanístico de Galicia, de conformidade co sinalado no artigo 88 da Lei do Solo de Galicia.

- Incorporase novamente á sesión plenaria Dona Luz María Abalo Pérez.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20250529&punto=5>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

6.- TOMA DE COÑECEMENTO DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ PRESENTADA POR PARTE DE ASOCIACIÓNS OU ENTIDADES EN RELACIÓN CON UN PUNTO DA ORDE DO DÍA QUE LLE AFECTE DIRECTAMENTE E POSTERIOR INTERVENCIÓN A TRAVÉS DUN ÚNICO REPRESENTANTE DAS MESMAS.:

Dáse conta do disposto no ARTIGO 23.- do Regulamento Orgánico do Pleno:

Cando algunha das asociacións ou entidades, ás que se refire o artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, desexen facer unha exposición ante o pleno, en relación con algún punto da orde do día que lle afecte directamente, deberá solicitalo á alcaldía mediante escrito presentado no rexistro do concello, un día antes da celebración da sesión plenaria. Coa autorización da alcaldía, e a través dun único representante, poderá intervir durante o tempo que a alcaldía lle conceda, con

anterioridade á lectura, debate e votación da proposta incluída na orde do día.

Aqueles asuntos onde estean previstas as intervencións de asociacións ou entidades poderán ser tratados con carácter preferente aos restantes asuntos incluídos na orde do día da correspondente sesión plenaria.

Non figura presentada ningunha solicitude de participación cidadá.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20250529&punto=6>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

7.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BNG, RELATIVA Á RECUPERACIÓN DO EDIFICIO DA ANTIGA FÁBRICA CONSERVAS MALVEIRAS E A SÚA CONVERSIÓN NUN CENTRO DE INTERPRETACIÓN.-

Dáse conta do ditame da Comisión informativa de Urbanismo e Mobilidade, de data 26 de maio de 2025, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do BNG coa data de 12 de maio de 2025, do seguinte teor:

MOCIÓN RELATIVA Á RECUPERACIÓN DO EDIFICIO DA ANTIGA FÁBRICA MALVEIRAS E A SÚA CONVERSIÓN NUN CENTRO DE INTERPRETACIÓN

Don Francisco Javier Rodríguez Paz, portavoz do Grupo municipal do BNG no concello de Vilagarcía de Arousa, ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e, se procede, aprobación a seguinte moción.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O noso concello conta con diferentes edificios que forman parte da nosa historia, e que se atopan nun estado ruinoso sen que ninguén leve a cabo ningunha acción de recuperación permitindo así o seu deterioro e a súa desaparición, levándose así con eles parte da nosa identidade local.

Este é o caso do edificio da fábrica Malveiras situada na zona da Rosa, no pobo de Carril, a cal no seu tempo formou parte daquel Carril industrial que contaba entre outras coa propia fábrica de “Conservas Malveiras”, ou “El fabriquín” e “Conservas Baltar” entre outras.

Se algo define ao Pobo de Carril é a súa idiosincrasia e a súa ligazón co mar, non se entende Carril sen o Mar nin sen Cortegada. Por iso, pensamos que a mellor forma de explicar e homenaxear ao pobo é recuperar parte da súa historia e dotalo cun sitio no que esta poda seguir viva, servindo ademais de recepción para todas aquelas persoas que se queiran achegar a escoitala e coñecela.

Cremos firmemente que dito edificio debería ser recuperado e convertido nun Centro de Interpretación que sirva para explicarlle a todas aquelas persoas que nos visitan as peculiaridades da nosa ría e da contorna na que se atopa, así como a historia do lugar no que está asentado.

Por iso, solicitamos a adopción do seguinte

ACORDO:

- Levar a cabo as actuacións necesarias para recuperar a antiga fábrica de Conservas Malveiras, situada na zona da Rosa en Carril.
- Converter o edificio de Fábrica Malveiras nun Centro de interpretación.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

A persoa representante do grupo político municipal do BNG informa favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE, PP e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do BNG, relativa á recuperación do edificio da antiga fábrica Conservas Malveiras e a súa conversión nun centro de interpretación.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con doce votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (9), BNG (2) e EU (1) e nove abstencións dos/as concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PP (9)

ACÓRDASE Por maioría aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do BNG e:

- Levar a cabo as actuacións necesarias para recuperar a antiga fábrica de Conservas Malveiras, situada na zona da Rosa en Carril.
- Converter o edificio de Fábrica Malveiras nun Centro de interpretación.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20250529&punto=7>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

8.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE, EN RELACIÓN COAS NOVAS FRECUENCIAS DO FERROCARRIL DE CONEXIÓN DE VILAGARCÍA CON MADRID.- Dáse conta do ditame da Comisión informativa de Urbanismo e Mobilidade, de data 26 de maio de 2025, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do PSdeG-PSOE, coa data de 19 de maio de 2025, do seguinte teor:

Tania García Sanmartín, en calidade de voceira do Grupo Municipal socialista do PSdeG PSOE presenta a presente moción ao Pleno da Corporación para a súa consideración:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A dirección de RENFE vén de anunciar as novas frecuencias de conexión con Madrid e Vilagarcía vai perder a conexión directa do tren AVLO de primeira hora con Madrid.

A estación de ferrocarril de Vilagarcía dá cobertura a toda a comarca de Arousa, así como a todo o Barbanza como á comarca do Ulla Umia, preto de 200 mil persoas. O número de persoas usuarias que toman o tren na estación de Vilagarcía é de 180 ao día.

Con esta nova frecuencia o primeiro tren con conexión directa con Madrid chegaría a Madrid máis aló das 14 horas, imposibilitando a realización de calquera tipo de xestión de mañá.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo municipal Socialista insta ao Pleno da Corporación á adopción do seguinte acordo:

1. Instar á dirección de RENFE, ao Ministerio de Transporte y Movilidad Sostenible a manter unha conexión directa entre Vilagarcía e Madrid con chegada a primeiras horas de mañá.
2. Dar traslado aos voceiros e voceiras dos Grupos Parlamentarios do Senado.

En Vilagarcía de Arousa a 19 de maio de 2025

Polo voceiro do grupo político municipal de EU presentase a seguinte emenda: Que se recupere a conexión directa entre Vilagarcía e Madrid en ambos sentidos, de ida e de volta.

A Sra. García Sanmartín acepta a emenda.

Non habendo máis intervencións, sométese este asunto a votación a moción coa emenda presentada, co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE e EU informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP e BNG din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do PSdeG-PSOE, coa emenda presentada polo voceiro do grupo político municipal de EU.

Dáse conta da emenda presentada polo grupo político municipal do PP, do seguinte teor:

Os concelleiros integrantes do Grupo Municipal Popular, ao amparo do establecido no artigo 10.6 do Regulamento de Organización, Funcionamento do Concello de Vilagarcía de Arousa, formulan, a seguinte EMENDA de adición en relación á moción presentada polo grupo político municipal do PSdeG-PSOE, en relación coas novas frecuencias do ferrocarril de conexión de Vilagarcía con Madrid.

“3.- Instar á dirección de RENFE, ao Ministerio de Transporte y Movilidad Sostenible a manter unha conexión directa entre Madrid e Vilagarcía ao final da tarde, con saída, como mínimo, a partir das 19:00h.”

Na sesión plenaria sométese a votación polo Sr. Alcalde a moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE coa emenda presentada polo grupo político municipal de EU, sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (21 de 21)

ACÓRDASE aprobar a moción coa emenda e:

1. Instar á dirección de RENFE, ao Ministerio de Transporte y Movilidad Sostenible a manter unha conexión directa entre Vilagarcía e Madrid, con chegada a Madrid a primeiras horas de mañá e regreso a Vilagarcía ao final da tarde.
2. Dar traslado aos voceiros e voceiras dos Grupos Parlamentarios do Senado.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20250529&punto=8>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

9.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PP, EN RELACIÓN COA MELLORA, ADECUACIÓN E MANTEMENTO DOS APARCAMENTOS DISUASORIOS.- Dáse conta do ditame da Comisión informativa de Urbanismo e Mobilidade, de data 26 de maio de 2025, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do PP, coa data de 20 de maio de 2025, do seguinte teor:

Os concelleiros integrantes do Grupo Municipal Popular, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formulan, para a súa discusión e, no seu caso, aprobación no Pleno Ordinario do 29 de maio de 2025 a seguinte MOCIÓN:

Mellora, adecuación e mantemento dos aparcamentos disuasorios

EXPOÑEN

Vilagarcía sofre na actualidade un problema de circulación moi importante. O tráfico da nosa cidade distribúese, na súa maior parte, por catro estradas, o que provoca que durante moitos momentos do día estean saturadas.

Os aparcadoiros disuasorios terían que servir como medida para liberar de tráfico a nosa cidade.

O seu correcto funcionamento permitiría evitar que os vehículos transitasen polo centro de Vilagarcía buscando unha zona para aparcар, axilizando o tráfico, mellorando a comodidade e a calidade de vida dos nosos veciños e veciñas e favorecendo a chegada de visitantes á nosa cidade. Sen embargo, en Vilagarcía, o estado actual de moitos aparcadoiros disuasorios, por non dicir todos, deixan moito que desexar.

Son moitos os veciños e usuarios destes aparcadoiros que denuncian constantemente o seu mal estado. De feito, dende o Partido Popular, xa trasladamos ao pleno municipal, moitas destas reclamacións. As queixas dos veciños acerca dos aparcadoiros disuasorios habilitados polo Concello son varias:

- Aparcadoiros como os da Finca Douro, a Escardia, Carril ou os Duráns teñen o chan con desniveis, repletos de fochancas, coa maleza alta, cos accesos en mal estado e repletos de pedras. Especialmente grandes no caso da Finca Douro.

- Nos aparcadoiros do Piñeiriño, ademais de contar con estes problemas, un dos aparcadoiros ten uns pivotes que están escondidos entre as malezas, o que provoca que algúns vehículos, ao non velos, choquen contra eles.

- No caso de Fexdega e do aparcadoiro da praza da Verdura, o asfaltado está roto, con fochancas e a pintura está borrada, co que os vehículos aparcан sen ningún tipo de control.

Estes son algúns exemplos da situación que se atopan os veciños nos aparcadoiros disuasorios de Vilagarcía, pero a problemática podería estenderse ao resto de zonas.

Nas últimas datas, o concello de Vilagarcía instalou diferentes sinais para indicar onde se atopan os diferentes parkings disuasorios. Unhas sinais estáticas que non informan da situación real dos aparcadoiros e que, en moitos casos, non son visibles para os condutores.

Tralo exposto anteriormente, o Grupo Municipal do Partido Popular SOLICITA

1. Que se melloren, se adecúen, se limpen e se realice un mantemento continuo de todos os aparcadoiros disuasorios de Vilagarcía.

2. Que se instalen paneis informativos nas entradas principais de Vilagarcía para indicar a distancia a cada un dos aparcadoiros disuasorios e a capacidade destes.

Ana Granja – Concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular

Pola voceira do grupo político municipal do PP, Dona Elena Suárez, solicítase engadir no punto 2 da proposta de acordo "a capacidade e **dispoñibilidade** destes".

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PP informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE, BNG e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción coa adición presentada polo grupo político municipal do PP, en relación coa mellora, adecuación e mantemento dos aparcamentos disuasorios.

Na sesión plenaria sométese a votación polo Sr. Alcalde a moción coa emenda do grupo municipal do PP, sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (21 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar a moción coa emenda presentada e:

1. Que se melloren, se adecúen, se limpen e se realice un mantemento continuo de todos os aparcadoiros disuasorios de Vilagarcía.

2. Que se instalen paneis informativos nas entradas principais de Vilagarcía para indicar a distancia a cada un dos aparcadoiros disuasorios e a capacidade e dispoñibilidade destes.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20250529&punto=9>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

10.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PETICIÓN DO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE EU, DE COMPARECENCIA DE D. ALVARO CAROU GARCÍA, EN CALIDADE DE CONCELEIRO DE TURISMO E PROMOCIÓN ECONÓMICA, EN RELACIÓN CO ANUNCIO DE RENFE DE REDUCCIÓN DE FRECUENCIAS DO TREN DE LONGA DISTANCIA, QUE CONECTA VILAGARCÍA COA MESETA.- Dáse conta do ditame da Comisión informativa de Urbanismo e Mobilidade, de data 26 de maio de 2025, do seguinte teor:

Dáse conta da petición presentada polo grupo político municipal de EU, coa data de 20 de maio de 2025, do seguinte teor:

Moción solicitude de comparecencia

O Voceiro do Grupo Municipal de Esquerda Unida, Juan Manuel Fajardo Recousó, ao amparo do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, formula, para a súa discusión, e no seu caso, aprobación por parte do pleno a Seguinte

Solicitude de comparecencia do edil responsable de Turismo e promoción económica

Renfe ven de anunciar a redución de frecuencias do tren de longa distancia que conecta Vilagarcía coa meseta, esta redución supón de facto a supresión da posibilidade de enlazar con vos internacionais dende o aeroporto de Madrid, pero tamén sobre todo imposibilita ir e vir no día a Madrid dende Vilagarcía.

Sorprendentemente cando se deu a coñecer, tanto o edil de turismo, como o alcalde, fixeron varias publicacións en redes onde literalmente dicían, “Máis e mellor conectados, o que sempre defendemos e por iso traballamos. Vilagarcía a tres horas e un café”, slogan que quedou finiquitado ese día cando se demostrou que pasabamos de tres horas e un café a tres horas e varios transbordos, como ben dicía un xornalista local.

Pero o realmente grave desta publicación por parte do goberno local é que foron absolutamente alleos a decisión, que descoñecían, pero que non se molestaron sequera en comprobar, facéndose eco dun titular, sen comprobar os feitos. A realidade pasoulles de largo, como vai pasar o AVE dúas veces ao día pola estación de Vilagarcía.

Demostrouse, que cando se acadaron as frecuencias, foi a pesar do goberno local, que no pintou nada na decisión, e agora, foi por riba deles, cando o alcalde de Vigo, elimina dúas frecuencias en Vilagarcía, para gañar 5 minutos no traxecto a Madrid, unha vez máis, Varela de pagafantas de Abel Caballero.

Polo que facemos as seguintes preguntas:

Como é posible que o goberno local se felicite dunha decisión que supuña un recorte na nosa conexión ferroviaria coa meseta?

Cantas reunións mantivo o goberno local no último ano cos responsables de RENFE ou o ministerio para tratar este tema?

Que traballo concreto e demostrable fixeron para tratar de atraer máis frecuencias a Vilagarcía?

Por qué someten os intereses de Vilagarcía aos intereses de Abel Caballero?

De que nos serve pagarlle ao presidente da FEGAMP si é incapaz de defender os intereses do noso concello, ou do conxunto de concellos da comarca?

Ten previsto o goberno local, coordinarse co resto de concellos afectados para organizar unha resposta conxunta a esta aldraxe?

Como é posible que non revisasen o acordo antes de facer público a súa alegría polo recorte?

Van cambiar o slogan de a tres horas e un café, por a tres horas e un café, unhas pastas, un par de bocadillos e outra ronda de cafés?

Cando pensan asumir responsabilidades ante esta evidencia de falta de traballo e compromiso con Vilagarcía e os seus intereses

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

A persoa representante do grupo político municipal de EU informa favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE, PP e BNG din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da petición do grupo político municipal de EU, de comparecencia de D. Alvaro Carou García, en calidade de Concelleiro de Turismo e Promoción Económica, en relación co anuncio de RENFE de redución de frecuencias do tren de longa distancia, que conecta Vilagarcía coa Meseta.

De conformidade co disposto no artigo 19 do Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vilagarcía de Arousa, unha vez acordada polo Pleno a comparecencia mencionada, o Alcalde deberá incluír o asunto na Orde do Día da próxima sesión plenaria.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con doce votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PP (9), BNG (2) e EU (1) e nove votos en contra dos/as concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PSdeG-PSOE,

ACÓRDASE Por maioría: Aprobar a comparecencia de D. Alvaro Carou García, en calidade de Concelleiro de Turismo e Promoción Económica, en relación co anuncio de RENFE de redución de frecuencias do tren de longa distancia, que conecta Vilagarcía coa Meseta.

De conformidade co disposto no artigo 19 do Regulamento Orgánico do Pleno do concello de vilagarcía de Arousa, unha vez aprobada polo Pleno a comparecencia mencionada, o Alcalde deberá incluír o asunto na Orde do Día da próxima sesión plenaria.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20250529&punto=10>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

11.- INTERPELACIÓNS OU CONTROL DAS DECISIÓNS DO GRUPO DE GOBERNO.

Non se presentaron

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20250529&punto=11>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

12.- MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS POR RAZÓNS DE URXENCIA.

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día, e antes de pasar á rolda de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde preguntou se algún grupo político desexaba someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria e que non teña cabida no citado punto de rogos e preguntas, propoñéndose unha moción polo Grupo Político Municipal de EU, coa data de 26 de maio de 2025, do seguinte teor:

MOCIÓN DE URXENCIA

O Voceiro do Grupo Municipal de Esquerda Unida, EU, Juan Manuel Fajardo Recousó, ao amparo do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, formula, para a súa discusión, e no seu caso, aprobación por parte do pleno a Seguinte Moción de Urxencia.

Moción sobre reforestación inaceptada polo goberno ante a presentación veciñal.

Exposición de Motivos. (transcríbese de forma literal a proposta presentado por rexistro en tempo e forma polo veciño)

Desde el 2007 hemos registrado por medio de la fotografía árboles de la zona, con el tiempo

también documentábamos cuando eran cortados por el Ayuntamiento de Vilagarcía de Arousa o por gente a la que le pertenecía el terreno donde se ubicaban. Nos hemos dado cuenta, de que cada año sucede con más frecuencia. 17 años después aquí tenemos un registro zona por zona y con el número de árboles talados, aproximado y siempre a la baja. Son cerca de 1,000 (903 en el mapa) árboles menos desde entonces. Toda esta pérdida de masa forestal se nota con el aumento de calor y la pérdida de mucha fauna local, como aves, ranas e insectos. Hemos hecho un mapa con el propósito de visibilizar esta problemática e invitar al ayuntamiento y vecinos a intentar recuperar estos mil árboles perdidos.

Dejo el enlace con los árboles talados

[https://www.google.com/maps/d/viewer?](https://www.google.com/maps/d/viewer?mid=15k9OsiEXwAhRXphvBcmMsXUeMxIT00s&usp=sharing)

[mid=15k9OsiEXwAhRXphvBcmMsXUeMxIT00s&usp=sharing](https://www.google.com/maps/d/viewer?mid=15k9OsiEXwAhRXphvBcmMsXUeMxIT00s&usp=sharing)

Polo que por todo o anteriormente exposto, o grupo municipal de EU , propón a adopción dos seguinte Acordo:

O pleno da corporación insta ao goberno local a :

- 1,- Diseñar con expertos na materia un plan de reforestación masiva, de grande alcance para recuperar a mas forestal urbá perdida (1.000 árbores en 17 anos)
- 2,- Crear un rexistro de árbores talados, mapeado e cuantificado para que se poida apreciar a magnitude do problema e se actúe en consecuencia.
- 3,- Priorizar nos deseños e intervencións, a presenza de especies arbóreas en lugar do formigón.
- 4,- Estudar o impacto ambiental que ten ocasionado a deficiente política forestal destes anos, na fauna e na saúde da poboación do noso concello, e utilizar os resultados para deseñar medidas de reparación ambiental .
- 5,- Utilizar o entusiasmo por gentrificar Vilagarcía, en reforestala.

Sométese a votación polo Sr. Alcalde a declaración de urxencia da moción, sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con doce votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (9), BNG (2) e EU (1) e nove abstencións dos/as Concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PP (9).

ACÓRDASE Por maioría absoluta aprobar a declaración de urxencia da moción presentada polo grupo político municipal de EU, sobre reforestación.

Na sesión plenaria sométese a votación polo Sr. Alcalde a moción presentada polo grupo político municipal de EU, sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con doce votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PP (9), BNG (2) e EU (1), e nove abstencións dos/as concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PSdeG-PSOE (9)

ACÓRDASE Por maioría aprobar a moción presentada polo grupo político municipal de EU e que polo goberno local se proceda a:

- 1,- Diseñar con expertos na materia un plan de reforestación masiva, de grande alcance para recuperar a mas forestal urbá perdida (1.000 árbores en 17 anos)
- 2,- Crear un rexistro de árbores talados, mapeado e cuantificado para que se poida apreciar a magnitude do problema e se actúe en consecuencia.
- 3,- Priorizar nos deseños e intervencións, a presenza de especies arbóreas en lugar do formigón.
- 4,- Estudar o impacto ambiental que ten ocasionado a deficiente política forestal destes anos, na fauna e na saúde da poboación do noso concello, e utilizar os resultados para deseñar medidas de reparación ambiental .
- 5,- Utilizar o entusiasmo por gentrificar Vilagarcía, en reforestala.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20250529&punto=12>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

13.- RESPOTA DOS/AS CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS ÁS PREGUNTAS FORMULADAS NO PLENO ANTERIOR.

Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as delegados/as respóndese ás preguntas formuladas no Pleno anterior.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20250529&punto=13>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

14.- ROGOS E PREGUNTAS FORMULADAS POR ESCRITO POLOS MEMBROS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL.

Non figuran presentadas por escrito, rogos e preguntas por parte dos membros da Corporación Municipal.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20250529&punto=14>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

15.- ROGOS E PREGUNTAS FORMULADAS ORALMENTE NA SESIÓN, POLOS MEMBROS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL.

Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as fórmulanse rogos e preguntas que serán contestadas no próximo Pleno.

- Sendo as 19:41 horas auséntase da sesión o Sr. Interventor Municipal D. Julio Fontaíña Couso.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20250529&punto=15>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

16.- QUENDA DE ROGOS E PREGUNTAS ENTRE AS PERSOAS QUE ASISTEN COMO PÚBLICO Á SESIÓN. Por parte das persoas que asisten como público á sesión fórmulanse rogos e preguntas.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20250529&punto=16>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

E sen máis asuntos que tratar, ás 19:52, levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.